CARRIE

Brian De Palma, 1976

1854

ESTREA EN NUMAX: 31.10.2026 | V.O.S.E.

Carrie White, unha tímida adolescente que vive coa súa nai, unha fanática relixiosa, é obxecto de chanzas constantes dos seus compañeiros de instituto. Cando, nas duchas do ximnasio, a moza sofre un ataque de ansiedade ao ter a súa primeira menstruación, a unha das súas compañeiras ocórreselle gastarlle unha broma macabra na festa de gradación. O que todos ignoran é que Carrie posúe poderes telequinésicos. Adaptación da novela homónima de Stephen King.

O Especial Noite de Samaín complétase ás 23:10h con "A noite de Halloween", de John Carpenter. Podes asistir a ambas sesións por só 10€ reservando na billeteira da sala as túas entradas, 7€ no caso das abonadas.

Título orixinal: Carrie
Ano: 1976
Duración: 97 minutos
Idioma orixinal: Inglés
Dirección: Brian de Palma
Guión: Lawrence D. Cohen, Paul Monash. Novela: Stephen King
Elenco: Sissy Spacek, Piper Laurie, Amy Irving, William Katt, Betty Buckley, Nancy Allen, John Travolta, P. J. Soles
Montaxe: Paul Hirsch
Son: Michael J. Kohut, William Sawyer, Richard Portman
Música: Pino Donaggio
Fotografía: Mario Tosi
Produtora: United Artists (EEUU)

PREMIOS E FESTIVAIS
Óscar 1976 (2 Nominacións), Globos de Ouro 1976 (1 Nominación)



CARRIE

Brian De Palma, 1976

EUROPA CINEMAS
Creative Europe MEDIA

Os pecados do corpo

Por José Carlos Cabrejo

Carrie é unha película sobre o horror do corpo. O inicio mostra a esa adolescente tímida, interpretada por Sissy Spacek, percorrendo coas súas mans a súa pel mentres se ducha, para finalmente ver que, inesperadamente, fluídos menstruais descenden polas súas coxas. Ela teme os impulsos, as reaccións, os desexos da súa carne, non só por ser o obxecto de burla das mozas do seu colexio, ao ser aparentemente fea e retraída, senón tamén por vivir cunha nai de ideas relixiosas delirantes, que quere mantela baixo o seu xugo. Ela desexa apartar a Carrie dos pecados que podería pedir o seu corpo.

A esperanza que ten a protagonista, unha moza co poder da telequinese, de cortar ese cordón umbilical malsán e represor que a une á súa proxenitora, recae na súa festa de promoción, contada nunha das secuencias máis famosas e imitadas do cinema de terror. Brian De Palma relata a humillación da protagonista, quen termina sendo bañada con sangue de porco, coma se estivésemos ante unha cerimonia de sacrificio. Os encadres, dotados dun movemento ritual e operático, van alternando a aparente felicidade consumada de Carrie coa súa parella de baile, e o macabro plan dos seus compañeiros de estudo. Unha música crispante e uns planos abafantes, cunha inquietante progresión que exhibe a devoción do cineasta por Hitchcock, móstrana subindo ao altar da morte.

Despois dese baño, Carrie, cos seus poderes sobrenaturais, tingue o salón de baile coa luz dunha cor que parece saído do inferno. Pero tamén das súas entrañas. A súa vinganza por iso é apoteósica e á vez visceral. Unha enerxía escondida no seu interior deixa de ser erótica para ser tanática. O personaxe de Spacek convértese nunha deusa bárbara, que queima aos seus semellantes e crucifica con coitelos a súa nai. Quizais por iso, a pesar de que vemos a unha adolescente que pasa de ser humillada a converterse nunha vingadora, Carrie non ten outra saída que a autodestrución; porque, no fondo, a fita de De Palma é unha das visións máis desoladoras que deu o terror do ser humano e os seus lados escuros e perversos.

Publicada en ventanaindiscreta.ulima.edu.pe

Na libraría
NUMAX
numax.org/libraría

Carrie,
Stephen King.
Plaza y Janés

NUMAX 10 10
numax.org